


Manuel María

Beleza, amor e compromiso

(1929-2004)



C670-2016

O DESACOUGO DUN MOZO INADAPTADO

“Eu son o druída de 19 anos...”

O neno Manuel María, nado en Outeiro de Rei (6 de outubro de 1929), no seo dunha familia labrega relativamente acomodada, tivo o galego como a súa primeira e única lingua. A pesar de sufrir unha escola primaria e un bacharelato alleantes en castelán, e após publicar algúns contos, artigos e poemas "na fala na que fun domesticado", foi o primeiro mozo en dar a luz un poemario en galego, despois do alzamento militar fascista de 1936: *Muiñeiro de Brétemas* (1950).

Os primeiros poemarios están baseados na súa experiencia de mozo inadaptado e desacougado por unha vida rutineira, no desencanto cos estudos universitarios, na falta de independencia económica, nas inquietudes e dúbidas relixiosas e nas ansias amorosas. É, por suposto, unha poesía sempre moi identificada coa natureza e a cada paso máis coa súa clase de orixe.



◀ Manuel María con 16 anos

Sendo estudante de bacharelato, vai ter unha ampla bagaxe de lecturas da man do seu profesor Lázaro Montero. Xa con 19 anos, Manuel María contactou en Lugo, no parladoiro do café Méndez Núñez, con escritores e artistas anteriores a 1936, como Ánxel Fole, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Carvalho Calero, Ánxel Xohán ou Luís Pimentel. Aos 22 anos relacionouse, pola súa estada en Santiago por mor do servizo militar, con Otero Pedrayo, Bouza Brey e o pintor Carlos Maside, o seu introdutor no pensamento nacionalista de Castelao e no socialismo marxista.



Fragmento de "Poema en carne viva"

Ceibe de todo romantismo
teño sede de xestos cordiais
e de maos amigas que aperten as miñas maos
e teño necesidade de ir ao café e ao cine
como un cidadán calquera
ou como calquera comerciante tranquilo.

(...)

Agora teño vinte anos cumpridos
e esquecín os números:
son un tolo e absurdo estudante de Filosofía
que aprende nomes mortos
nunha lista de lotaría non premiada.

(*Morrendo a cada intre*, 1952)




▲ A súa vocación literaria está xa tan definida que aos 23 anos xa tiña escritos oito poemarios.

Manuel María
Beleza, amor e compromiso

MÁIS ALÓ DO EU, A PAISAXE HUMANIZADA


“Eu quero esta paisaxe verde, eterna que está viva”.

No ano 1954 aparece *Terra Chá*, que significa unha depuración do seu discurso até entón algo barroco, culturalista e surrealista, grazas á compenetración coa poesía popular e a identificación plena coa Terra e a súa raíz labrega. Canta nel, cunha sinxeleza franciscana e unha compenetración de matriz rosaliana, a natureza, a paisaxe, a vexetación, os animais, as persoas e os seus oficios, os aparellos e utensilios, dunha zona concreta de Galiza, a da súa infancia e adolescencia.



▲ *Terra Chá* é unha obra en permanente construción por parte do autor: a 1.^a edición, de 1954, contiña 55 poemas, mentres que a 6.^a, en 2001, pasou a 114. É unha das obras emblemáticas do autor, que no ano 2015 chegou á 11.^a edición.

► “O meu intento foi facer un libro sinxelo e puro como o aire que arrasa as carpazas da miña Chaira...” Esa sinxeleza e sonoridade de *Terra Chá* fixo que moitos dos seus poemas fosen musicados por diferentes autores. É de salientar o traballo de Franco Muela feito sobre 16 deles.



"O Miño"

O Miño é vello e é tristeiro:
sempre vai mudo e vai senlleiro.
No inverno semella que murmura
un segredo con forte voz escura.
Un escoita, atento e esperanzado,
e o vello Miño sempre vai calado.

(*Terra Chá*, 1954)

▲ Os ríos, a terra, os lugares, a natureza, os cruceiros, as romaxes, os animais... teñen algo de humano e danlle, no seu conxunto, forma a un novo ser: a vida comunal da *Terra Chá*. Na imaxe, Manuel María á beira do río Miño ao seu paso por Outeiro de Rei. Foto: X. Lobato.

Manuel María

Beleza, amor e compromiso

A IDENTIFICACIÓN COA TERRA

“Amade sempre a terra, vosa nai, e cada vez seredes máis humanos...”

Manuel María móstranos unha fonda identificación coa terra, co mundo que o viu nacer, coas súas raíces rurais e labregas e rebélase contra a destrución que dese mundo se está a facer en nome do progreso. Mais hai tamén un sentimento que vai máis aló, o sentimento de formar parte inseparábel da terra-natureza. O ser humano vén da terra, é un anaco da terra e a ela retorna. Estarmos abertos á natureza, sentírmonos parte dela para comprender o que nos din as cousas, os regatos, as fontes, os ríos, as árbores e os seus frutos, as estrelas ou os paxaros. Ese é o xeito de humanizármonos.

“Rondó do eterno retorno”

Eu sei que son unha árbore:
cecais un carballo
ou un castiñeiro poderoso
ou aínda unha abidueira
que o vento cimbrea e non
arrinca.
Escoito a voz
da terra que, amorosa e
urxente, me reclama.

Déitome no chao como un
penedo: deixo que o humus
me ensuma no seu seo.
Mais sei que agromarei
en folla verde e tenra
aló na Primavera.
E agardo ilusionado que
o Outono me muche para ser
terra de novo, unha vez máis.

(*Compendio de orballos e incertezas*, 1991)

(...)
Como e de que xeito
tivo que adelgazar a terra,
rubir árbore enriba, facerse
vidro musical e transparente
e ser delicada folla estremecida?

(*As lúcidas lúas de outono* 1988)


Manuel María

Beleza, amor e compromiso

UN PASO MÁIS: GALIZA É A MIÑA PATRIA

“...Por Galiza ten verdadeiro sentido a nosa vida”

Logo de fundarse a Unión do Povo Galego (UPG) o 25 de xullo de 1964, Manuel María formou parte dela inmediatamente xunto coa súa muller Saleta Goi. A identificación coa terra-natureza, sempre presente na súa poesía, vai ceder protagonismo á identificación coa Patria (nación galega) até converterse no cronista literario do esforzo do pobo galego por tomar conciencia de si mesmo e dos seus intereses no tardofranquismo. A súa obra é, a cada paso máis, o eco poético do combate contra a colonización de Galiza, en defensa das clases populares e o seu dereito a viviren en paz e harmonía na propia Terra. A censura franquista non tolerou, loxicamente, a publicación de varios dos seus libros de poesía.



◀ Dos seis editados entre 1964 e 1970, tres fórono no exilio: Versos para un país de minifundios, Buenos Aires, 1969; Versos para cantar en feiras e romaxes, Buenos Aires, 1969; e Remol, Montevideo, 1970.







◀ Os outros tres editáronse na Galiza: Proba documental, 1968; Os soños na gaiola, tamén dese ano; e Canciós do lusco ao fusco, 1970.

Poema: "Lembranza do Cereixal"

(...)
Non sei se a vida trata ben ou mal
aos que foron pobres e sufridos
veciños do Cereixal.
Non sei se lembran tempos idos
e se levan ou non
no corazón
saudades e morriñas
destas terras pobriñas.
O único que sei
e adiviñei
deste lugar
é que del só se pode lembrar
o seu nome fermoso,
primoroso
e vexetal
no que canta a calandra e o pardal.

(Versos para cantar en feiras e romaxes, 1969)



▲ As obras publicadas en Galiza sufriron a mutilación da censura, como este poema dedicado ao idioma que abría Canciós do lusco ao fusco. Outras obras quedaban tan afectadas pola censura que Manuel María decidiu publicalas no exilio, como foi o caso de Versos para un país de minifundios. Outras foron directamente prohibidas.

Manuel María
Beleza, amor e compromiso

PRECISAMOS A LINGUA SE QUEREMOS VENCER

“Non comprendo como se pode estar co pobo desprezando a súa fala...”

Ademais de usar o galego como lingua de expresión oral e escrita, tanto na vida privada como pública, Manuel María é unha das figuras da nosa historia e da nosa literatura que máis empeño pon para que o galego se converta no idioma normal de Galiza e o escritor que máis composicións poéticas lle dedicou. Para el a lingua é a creación máis importante do pobo galego, a luz que ilumina o noso ser, a chave coa que abrimos o mundo, a forza que nos une e sostén, a fonte de irmandade, a esencia de Galiza e o símbolo indiscutíbel da súa existencia e permanencia. O futuro de Galiza vai unido ao futuro da lingua galega até o punto de que “quen nos quere sen fala, quer matarnos”.



▲ Manuel María na carreira en defensa da lingua, o Correlingua, na cidade da Coruña no ano 2001. Foto Xoán Díaz



▲ O labor e a significación das Irmandades da Fala foi frecuente materia literaria para Manuel María, así como motivo das súas conferencias tanto no interior como fóra de Galiza.

A fala

O idioma é a chave con que abrimos o mundo, o salouco máis feble, o pensar máis profundo.

O idioma é a vida, o coitelo da dor, o murmurio do vento, a palabra de amor.

O idioma é o tempo, é a voz dos avós, e ese breve ronsel que deixaremos nós.

O idioma é un herdo, patrimonio do pobo, maxicamente vello, eternamente novo.

O idioma é a patria, a esencia máis nosa, a creación común máis grande e poderosa.

O idioma é a forza que nos xungue e sostén. Se perdemos a fala non seremos ninguén!

O idioma é o amor, o latexo, a verdade, a fonte de que agroma a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma é ser mudo e morrer. Precisamos a lingua se queremos vencer!

(As rúas do vento ceibe, 1979)

Manuel María é un dos poetas galegos máis musicados o que contribuíu a agrandar a súa popularidade e a difundir a súa mensaxe poética, particularmente en defensa da lingua galega.



Manuel María

Beleza, amor e compromiso

POEMAS PARA A XENTE MIÚDA

“Os versos que este humilde autor botou de menos cando el era neno”

Consciente da ausencia total de poesía infantil e xuvenil en galego, Manuel María vai inaugurar o xénero en 1968 con *Os soños na gaiola*. A maior presenza do mundo rural nesta obra vai aparecer compensada en *As rúas do vento ceibe* (1979), o outro título de poesía para nenos, onde os elementos da cidade son os protagonistas.

Aínda que son moitos os poemas de Manuel María apropiados para o público infantil, a sinxeleza da forma, a súa doada comprensión, a intencionada “inocencia” infantil e a súa gran musicalidade fixeron que estes dous títulos resultasen os máis emblemáticos e exitosos entre a xente miúda e, tamén, entre o profesorado que os segue a usar como material eficaz para aproximar o alumnado á querenza pola poesía, pola lingua galega, a natureza, os animais, os paxaros... e o coñecemento dos elementos do mundo próximo. A súa difusión aínda se incrementou máis ao seren musicados por numerosos grupos.

Sabedor da importancia da integración das novas xeracións na cultura galega, Manuel María puxo grande empeño en manter o contacto directo co público infantil



O meu burriño

Arre, corre,
meu burro trotón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!

Corre, meu burriño,
non galopes, voa!
A ver se lle gañas
ao vento que zoa!

Arre, meu burriño,
non seas preguiceiro!
A ver se lle gañas
ao vento lixeiro...!


Corre, meu burriño,
nos cascos pon ás!
Se queres, ao vento
deixarás atrás...!

Arre, meu burriño!
Corre máis deprisa,
que, se perde o vento,
xa verás que risa...!

(*Os soños na gaiola*, 1968)



▲
Ilustración de Noemí López para a última edición, a 14.^a



▲
Manuscrito do poema
A miña rúa, do libro
As rúas do vento ceibe.
Ilustración de Xaquín Marín
para a última edición

A miña rúa

A miña rúa é moi longa
e está chea de bruidos
tan grandes e escaudidos
que reventan os oídos.

A miña rúa é estreita
con casas todas iguais.
Nin teu albor no ceo
nin tampouco sportais.

Na miña rúa só sol
unha vez ou outra un solpor;
froute a luz das farolax
co seu frío resplandor.

Na miña rúa tristéira
un se oia ningún paxaro;
froute os murros perdidos
e vellos en desalparos!

Manuel María

Beleza, amor e compromiso

A INTERVENCIÓN POLÍTICO-LITERARIA

"Para ver se as cousas van mellor, para ver se Galiza esperta dunha vez..."

O carácter comprometido da súa poesía foi en aumento na medida en que o seu compromiso público nacionalista se facía máis notorio. As circunstancias eran duras e esixían unha acción social máis continuada e proselitista, sobre todo a partir de 1972, ano crucial das folgas operarias en Ferrol, con mortos, feridos e centos de encarcerados, e Vigo. Non é casual a aparición en 1973, no exilio, como todos os seus poemarios entre 1971 e 1976, dunha triloxía que, no seu conxunto, non é máis que unha epopea alexiaca incitando o pobo galego a liberarse, desde a vontade de nos responsabilizar de nós mesmos: *Aldraxe contra a xistra*, Xenevra; *Informe para axudar a alcender unha cerilla*, Montevideo; *Laio e clamor pola Bretaña*, Lisboa.

**Tiña que ser precisamente eu:
a voz máis feble e cativa
que deu o noso pobo,
a menos autorizada e harmoniosa
a que clama na tebra,
no deserto,
no ermo e no baleiro
(...)
Somos nós os que
temos que construír
con toda responsabilidade
a nosa Historia.
Claudicar é morrer.**

(Fragmento de *Aldraxe contra a xistra*, 1973)



▲ A pesar da súa falta de vocación política, Manuel María vai ter unha participación directa nela pois "para salvar unha cultura cómpren medidas políticas".

GOBIERNO CIVIL DE LA PROVINCIA DE LUGO
SECCION DE GOBIERNO Y REGIMEN INTERIOR
Nº Expediente: 22 (195)
Número: 334/71

Con esta fecha el Excmo. Sr. Gobernador Civil de la Provincia ha dictado la siguiente Resolución:

"De la denuncia presentada formulada por la Guardia Civil, resultan los siguientes hechos:
No obstante haber sido denegada por este Gobierno la autorización para celebrar una manifestación en la localidad de Ourense, la instalación de un folioteo de celulo-papel en dicha villa, denunciada que fué difundida por los medios de comunicación social, tal manifestación se llevó a efecto, sobre base del día 19 de los corrientes meses, identificándose como destacado Don MANUEL MARIA FERNANDEZ TRIBEIRO.

Como el mencionado hecho constituye un acto contrario al orden público, (...) he acordado (...) imponer a Don Manuel María Fernández Tribeiro, la multa de trescientas mil pesetas (300.000), y que tal multa deberá hacerse efectiva en el plazo de tres días hábiles contados a partir del día siguiente al de la notificación. (...) (...)

Lo cual, se ordena al Excmo. Sr. Gobernador Civil, comunicarlo a Vd. para su conocimiento, notificación y demás efectos.

Lugo, 19 de Abril de 1.976.
J. GARCIA C/E. Baamonde,
SECRETARIO DE LA SECCION

Realizado el 21 e las 10:20

GOBIERNO CIVIL DE LA PROVINCIA DE LUGO
SECCION DE GOBIERNO Y REGIMEN INTERIOR
Nº Expediente: 330/76

Con esta fecha el Excmo. Sr. Gobernador Civil de la Provincia ha dictado la siguiente Resolución:

"De la denuncia presentada formulada por la Guardia Civil, resultan los siguientes hechos:
No obstante haber sido denegada por este Gobierno la autorización para celebrar una manifestación en la localidad de Ourense, la instalación de un folioteo de celulo-papel en dicha villa, denunciada que fué difundida por los medios de comunicación social, tal manifestación se llevó a efecto, sobre base del día 19 de los corrientes meses, identificándose como destacado Don MANUEL MARIA FERNANDEZ TRIBEIRO.

Como el mencionado hecho constituye un acto contrario al orden público, (...) he acordado (...) imponer a Don Manuel María Fernández Tribeiro, la multa de trescientas mil pesetas (300.000), y que tal multa deberá hacerse efectiva en el plazo de tres días hábiles contados a partir del día siguiente al de la notificación. (...) (...)

Lo cual, se ordena al Excmo. Sr. Gobernador Civil, comunicarlo a Vd. para su conocimiento, notificación y demás efectos.

Lugo, 19 de Abril de 1.976.
J. GARCIA C/E. Baamonde,
SECRETARIO DE LA SECCION

Sr. D. MANUEL MARIA FERNANDEZ TRIBEIRO,
O/ R. Baamonde,
MONFORTE DE LEMOS.

Realizado el 21 e las 10:20



▲ O seu interese por dar a coñecer a nosa cultura vaino levar a percorrer as cidades e vilas galegas, e tamén as comunidades de fóra, da man das entidades culturais en creación. El mesmo promove a Asociación Cultural de Monforte, que, ao ser prohibida, se transformará na "A. C. Castelao"

Durante todos estes anos, as represalias ▶ non se exerceron só contra a súa obra, senón tamén contra a súa persoa e a de Saleta: multas por intervencións públicas e participación en manifestacións; prohibición de conferencias, recitais e mesas redondas; vixilancia domiciliar e mesmo detencións arbitrarias...

Manuel Mariá

Beleza, amor e compromiso

O PESIMISMO DOS FEITOS E O REGRESO Á POESÍA INTIMISTA E AMOROSA....

"...este anaco sinxelo de ledicia melancolía e soño que son eu."

O trienio 1977-1980 foi vivido con especial intensidade política por Manuel María, chegou mesmo a ser candidato ao Senado e á alcaldía de Monforte polo BNPG. O cambio do réxime fascista ao democrático estaba a producir nel gran decepción e desacougo, pois non estaba a ser nada favorábel para o pobo galego. Culminou entón a súa poesía de compromiso directo e explícito coa política nacionalista e o espallamento da historia pasada e presente da nación galega con *Poemas para construír unha patria* (1977) e *As rúas do vento ceibe* (1979).

A partir de 1981, como compensación, contrapunto e necesidade vital, emprende unha especie de retorno aos inicios, nunca abandonados, no que se mestura, con equilibrio clásico, a nostalxia, a melancolía e a alegría. Este retorno, xa anunciado en *Poemas ao outono* (1976) e *Cecais hai unha luz* (1979), non vai supor o abandono da preocupación polo futuro de Galiza -*Saturno*-. Neste período mantívose identificado co nacionalismo, mais sen adscrición partidaria.

**Envelleceremos xuntos
e, cando chegue a hora de partir,
o noso amor non morrerá:
hase transformar na brisa lixeira
que en maio canta emocionada
na escura folla das abelairas
ou no sol ourilocente do outono
que bica as carballeiras docemente.
(...)**






(Poemas da labarada estremecida, 1981)



▲ Estamos ante un delicado poeta amoroso que na súa mocidade toma a forma de amor ideal e que a partir de 1956 se concreta na sempre compañeira Saleta. Xa no seu outono vital vai supor a evocación da paixón amorosa vivida. Foto: Felipe Senén.

◀ O retorno aos inicios levouno a retomar a poesía amorosa -*Poemas da labarada estremecida*-, como unha experiencia lograda e compartida -*Os lonxes do solpor*-, á evocación da natureza e da terra, especialmente a atracción pola paisaxe que o conformou

-*Ritual para unha tribo capital de concello, Poemas para dicirle a dúas lagoas*-, á lembranza da familia e da infancia -*Sonetos á casa de Hortas*-, á cavilación sobre a morte -*Versos do lume e do vagalume, Oráculos para cabaliños do demo*-, á reflexión sobre os mitos, a poesía e a arte -*A primavera de Venus*- e á asunción das nosas derrotas -*O camiño é unha nostalxia*...



Manuel María

Beleza, amor e compromiso

TEATRO, NARRATIVA, ENSAIO E PROSA XORNALÍSTICA

“Coñecer a fondo a nosa nación é esencial para calquera galego”

Aínda que a súa vocación literaria fundamental foi a poesía, Manuel María tamén cultivou abundantamente e con acerto todos os xéneros nun claro intento de dotar a literatura galega de normalidade. El coñecía a nosa historia cultural e artística como ninguén.



◀ Os feitos relevantes da nosa historia foron frecuente materia dramática por parte de Manuel María. Nas fotografías, unha das representacións de Abril de lume e ferro, obra que, baixo a coordinación da asociación cultural que leva o mesmo nome, representa o pobo de Carral desde hai vinte anos cada 26 de abril para conmemorar a Revolución de 1846 que ocasionou o fusilamento dos Mártires de Carral.

TEATRO

Consciente do valor didáctico do teatro e da súa capacidade de intervención, escribe nada menos que 36 obras de moi distinto formato (farsas, autos, pezas infantís...) e de temática moi diferente: a historia de Galiza, o mundo galego e popular, a liberdade humana como dereito incuestionábel ou o posicionamento diante das loitas concretas do pobo galego.

ENSAIO

O ensaio é o menos cultivado e o único que abandona nun período, de 1973 a 1984, xustamente cando a súa intensísima creación poética e o seu activismo cultural e político non lle deixan tempo para máis. Aborda moi diferentes temas literarios, case sempre partindo do coñecemento dos autores/as o que lles dá aos seus comentarios un ton de coloquialidade afastado da erudición.

NARRATIVA

Na ampla obra narrativa parte con frecuencia do seu universo infantil, de espazos vividos e de personaxes e feitos reais para crear historias dominadas pola identificación coa paisaxe e coa tradición, polo amor, sempre contadas con profundo lirismo.

“Procurei percorrer todos os camiños que a vida puxo diante de min”

PROSA XORNALÍSTICA

Cerca de mil cincocentos artigos mostran a gran formación humanística dun autor capaz de escribir con rigor sobre os temas máis diversos: literatura, arte, historia, patrimonio natural, lingua, etnografía, xeografía...

Paderna e Fomprediña tiñan grandes coloquios e parrafeos. Cando a palabra común non abundaba, por insuficiente, para se entenderen, Paderna utilizaba a lingua poética e Fomprediña o idioma musical. Tanto era así que, en ocasións, cando nestas andaban os dous amigos, os paxaros suspendían os seus voos, e ficaban inmóbiles no aire para aprenderen canto e melodía destes dous mestres que a ninguén cobraban e que poñían os seus saberes e entenderes ao dispor de todo o mundo.

(Cando o mar foi polo río, 1992)

▲ Manuel María converteu a persoa que o introduciu no cultivo da poesía, Manuel de Paderna, no protagonista de varias das súas obras narrativas.

Don Ramón de Galiza

Manuel María - El Correo Gallego, 05/01/1988

(...) Otero Pedraio, como Pessoa –ambos os dous naceron no mesmo ano– é o creador de toda unha literatura, non só o cultivador de un ou varios xéneros literarios. Este barbas, desde a súa lonxínea adolescencia, foi moi parcial da obra oteriana, paixón que se foi acrecentando cos anos. O primeiro libro que leu del foi a Guía de Galicia, con que descubriu o seu país e maiormente Compostela (...). Esta pequena, completa e perfecta enciclopedia de Galiza aínda non se superou. Se a Guía de Galicia nos mostrou a face verdadeira do país, o Ensaio histórico sobre a Cultura Galega troua a entender, identificarnos e amar a nosa propia etnia. Este breve volume tiña que estar de estudo –e non escribimos ensaios– obrigatorio en todos os centros docentes de Galiza, como tamén os seus ensaios sobre a nosa paisaxe. Hai un xeito de ollar e de entender Galiza antes e despois de Otero Pedraio (...).

Otero Pedraio era para Manuel María unha das grandes figuras de referencia. A pesar da distancia xeracional, mantiveron entre eles unha relación persoal próxima e de mutua admiración. ▲

Manuel María

Beleza, amor e compromiso

UN MONUMENTO LITERARIO QUE NOS DIGNIFICA

“Levamos toda a nosa vida amando a palabra...”


Manuel María é xa un dos clásicos da nosa literatura. El é o escritor galego da 2.^a metade do século XX coa obra máis extensa e máis diversa en xéneros e destinatarios. A súa traxectoria coherente e o valor da súa obra foise impondo de xeito contundente á incompreensión e á ollada despectiva dos que non aceptaban unha defensa tan clara de Galiza e da súa cultura, feita sempre desde un punto de vista nacionalista.

Paseniñamente acadou unha importante popularidade con base na difusión da súa obra e no contacto directo co seu público, producíndose tamén os premios e os recoñecementos. A súa palabra segue viva nas escolas e fogares galegos, na música feita sobre os seus poemas, nas representacións teatrais das súas pezas, no recitado público dos seus versos, en múltiples actos culturais, na palabra doutros escritores e escritoras e na súa Casa-Museo de Outeiro de Rei (Lugo). Alí está depositado o seu legado. Esvaecida pola enfermidade a chama do seu marabilloso gozo de vivir esperou con dignidade a morte, acontecida na Coruña o 8 de setembro de 2004.

Na Casa-Museo, antiga Casa de Hortas onde naceu o escritor, consérvase e expónse ao público o seu importante legado.



A relación de Manuel María co mundo artístico reflíctese na importante colección de obra plástica doada ao escritor, entre a que figuran diferentes retratos e caricaturas súas realizadas por Carlos Maside, Luís Seoane, José R. Villar, Mouriz, Ángel Doreste, Xavier Pousa, Vicente Eyré, Blas Lourés...



(...)

...cantando o impagábel e marabilloso gozo de vivir, esconxurando o gozo e a tristeza, penetrando a nosa escuridade, facendo precisa a imprecisión, falando cos seres e coas cousas, dando parte do mundo que herdamos, clarificando a beleza no posíbel e fixando a emoción que nos conmove en cancións vagorosas para que o vento llas poda transmitir a aqueles que nos veñan suceder na nosa tribo. Esta é a historia. Non hai outra. E pregámoslle ao tempo que nos sexa benévolo e piadoso

(Os lonxes do solpor, 1989)

En setembro de 1995 a AS-PG tributoulle unha grande homenaxe nacional no Teatro Rosalía da Coruña que quedou escaso para acoller as súas amizades e o público lector. Tamén estivo arroupado polas voces poéticas máis destacadas.



▲ O 15 de febreiro de 2003 Manuel María ingresou na Real Academia Galega co discurso "Terra Chá: poesía e paisaxe".



Manuel María

Beleza, amor e compromiso